


O mundial como  
propaganda masiva




Folga xeral: un  
desafío necesario



A ruptura da  
unidade xuvenil



As moças e a  
militancia partidária



O bicentenario do  
nacemento de Marx



+ outros temas!

# combat

pola **independencia**  
e o **socialismo**

## editorial

Hoxe en día, España domina unha relación colonialista co noso país. Unha relación que se resume no espolio dos recursos e da riqueza do noso traballo no noso país. Queremos rachar con todo o que representa España e o seu nacionalismo, xa que é un estado irreformábel, e acadar un sistema que libere a todo ser humano.

Por soberanía entendemos a independencia como única vía para a construción dun sistema comunista, deixando atrás o modelo capitalista no que a opresión é cada vez maior mentres que os dereitos sociais e laborais son cada vez menores. Só rachando co actual sistema económico poderemos deixar de ser a simple mercadoría coa que aumentan a súa riqueza os grandes capitais.

Por tanto, a independencia non é un fin, é unha ferramenta coa que garantir un fin maior: un sistema comunista que libere ao ser humano da explotación e do espolio capitalista.

**A independencia é o inicio do camiño; o comunismo a nosa meta!**

o inicio do camiño

# a independencia

# o comunismo

a nosa meta



## Fóra a súa bandeira!

# O mundial e a propaganda masiva:

Hai umhas semanas, assistimos à celebraçom da Copa do Mundo da FIFA de 2018, que tivo lugar na Rússia. Como cada 4 anos, as ruas de moitos lugares do Estado Espanhol encherom-se de *rojigualdas*; na Galiza, malia ter-se dado este fenómeno de forma moito mais atenuada do que noutras outras partes do estado, nom fomos alheias a este processo.

Por que sucede isto? Em primeiro lugar, devemos reconhecer a influéncia do futebol na nossa sociedade, sobre todo entre as classes populares, onde resulta o do desporto de base mais practicado. Ángel María Villar expressara-o doutro jeito: “*el fútbol forma parte indisoluble de nuestras vidas*”. Por outra banda, é de especial importáncia o papel dos meios de comunicaçom, e a promoçom que fam dalguns acontecimentos (silenciando, ao mesmo tempo, outros, segundo os interesses da classes que detentam o poder).

É evidente que todas as bandeiras, independentemente de quais sejam, tenhem um simbolismo. No caso deste tipo de competiçoms, como as equipas que se enfrontam nom som clubes senom selecçoms, em auséncia de escudos de clubes, o símbolo para animar a cada selecçom é a bandeira do estado correspondente. A expectaçom que provocam os eventos desta categoria favorece que boa parte da sociedade nom perceba a utilizaçom política que se pode fazer disto: com o pretexto de animar a umha equipa de futebol, o papel da bandeira tem um cariz mais lúdico e recreativo sem perder nem um ápice do seu significado político. É bastante significativo do tipo de sociedade na que vivimos que, sem embargo, nom se permitam esteladas, ikurriñas, arbonaidas ou estreleiras nos estádios, mas sim esvásticas ou bandeiras franquistas: só o poder, nom o povo, pode *mesturar o futebol com política*.

No caso concreto do Estado Espanhol, com estas competiçoms normaliza-se a simbologia espanhola, que nunca foi normal. Este processo foi especialmente efectivo na época dourada de *La Roja* (2008-2012), posto que as equipas ganhadoras sempre sempre tenhem maior influéncia e seguimento. Assim, levar umha bandeira espanhola, em determinados lugares (entre eles, Galiza) foi tradicionalmente visto como, se nom de *fachas*, polo menos, raro. Nom é casualidade que um estado tam questionado como o espanhol (agora mais que nunca) nom perda a oportunidade de procurar réditos políticos deste fenómeno, que constitue mais umha arma para o seu verdadeiro plano: uniformizar as distintas naçoms baixo o totem de España, um projecto de estado por e para as classes dominantes. Desde logo, ao poder nom lhe interessa em absoluto a



possibilidade de que umha naçom como Catalunya acade a independéncia, pois isto poderia ser o primeiro passo para que a oligarquia perdesse o seu poder.

Desde Isca!, este verám temos impulsado umha campanha contra a presenza da bandeira espanhola nas ruas durante estas semanas. O carácter festivo do mundial nom pode tapar nem fazer perder de vista todo o que representa essa bandeira: pressas políticas, fascismo, corrupçom, machismo, empobrecimento, precariedade, repressom, terrorismo de estado, etc. Fronte ao discurso do sistema e os meios de comunicaçom ao serviço do capital, enchemos as ruas galegas de colantes que denunciam este aproveitamento político do torneio. Por fortuna, o enésimo fiasco de Espanha neste mundial impediu que seguisse adiante, junto com a participaçom do combinado espanhol, este processo de desvirtuar o que representa realmente a bandeira espanhola, que recorda moito ao *pinkwashing* no âmbito LGBTI. Como independentistas galegas, nom podemos mais que alegrar-nos por esta temperá eliminacçom, ao tempo que rejeitamos a manipulaçom e reivindicamos uns desportos populares e de base. ●



## A folga xeral: Un desafío aínda necesario

Atendendo a un relato moi estendido, as medidas de axuste dos últimos dez anos –reformas laborais, reforma das pensións, recortes en servizos públicos, etc.– terían a súa orixe na crise económica iniciada en 2008. Así, superada a recesión, deberíamos volver a un estado de normalidade e benestar para o conxunto da poboación, especialmente para as traballadoras. Trátase sen dúbida dunha apreciación profundamente errada e excesivamente optimista. A crise acelerou a implantación de políticas antiobreiras, e agravou as penalidades cotiás da clase traballadora, pero os problemas son estruturais e de longa data.

Poderíamos situar o seu punto de inicio no final da ditadura franquista. Durante o franquismo, a contención dos salarios logrouse fundamentalmente a través da represión e o control burocrático do movemento obreiro, empregando as estruturas do sindicato vertical. A transición a un réxime parlamentario e liberal era incompatible con esta clase de control, que por outra banda viña demostrando desde facía moitos anos a súa crecente ineficacia e anquilosamento. Naceu deste xeito non só un novo réxime político, senón tamén un novo réxime de acumulación de capital. Agora, a contención salarial debía lograrse non mediante o control estatal e político, senón por medio do desemprego, da temporalidade, da desregulación laboral e das privatizacións de empresas públicas, que pasaron a estar fortemente dominadas polas lóxicas do capital.

A apertura económica que se produce durante estes anos ao calor da globalización e a entrada na CEE non fai senón potenciar todo este proceso. Entre os países europeos empeza a producirse unha dura batalla competitiva por atraer capitais e incrementar as exportacións, obxectivos ambos que requiren profundizar na explotación do traballo. Dado o forte atraso tecnolóxico da economía do Estado español –moito máis forte aínda no caso da Galiza– os capitais tiveron que optar pola explotación intensiva da man de obra como forma preferente de gañar competitividade.

Todas as medidas neoliberais tomadas nas últimas décadas, desde as sucesivas reformas laborais até a venda de empresas públicas, respondían por tanto á necesidade histórica do capital de manter a rentabilidade das súas inversións, necesidade que se impoñía e impón con carácter de lei coercitiva a través dos mecanismos da competencia. Os factores subxectivos tales como a ideoloxía deste ou aquel goberno ou as correlacións de forzas políticas entre os partidos e as clases, teñen unha importancia secundaria e subordinada fronte as tendencias obxectivas que se despregan no sistema capitalista.

Precisamente por iso non debemos depositar confianza algunha en que o novo goberno central vaia realizar modificacións esenciais na súa política laboral e económica. Polo de pronto, a promesa realizada polo PSOE estando na oposición de derrogar a reforma laboral de 2012 foi xa reformulada. En lugar da derrogación, procederase a unha revisión daqueles aspectos que se

consideren máis lesivos para as traballadoras, como os relacionados coa negociación colectiva e os convenios. Está por ver se desta volta o goberno de Pedro Sánchez cumpre coa súa palabra. En todo caso este retroceso de posicións implica que en todo o relativo ao abaratamento dos despedimentos, a reforma queda igual que estaba.

En resumidas contas, estamos ante concesións de carácter menor, que non alteran a tendencia histórica de fondo cara un aumento da precariedade e a explotación.

Neste escenario, as tarefas do movemento obreiro en Galiza son dúas. En primeiro lugar debemos aproveitar a actual conxuntura económica alcista para arrincar o máximo número de conquistas posibles ao capital, procurando recuperar o terreo perdido durante a crise en materia de dereitos laborais e condicións de traballo, aínda que sexa só parcialmente. Para iso é necesario desenvolver unha dinámica sindical combativa, oposta a estratexia de pacto e claudicación representada polos sindicatos do réxime –CCOO e UGT

En segundo lugar, moitas traballadoras consideran aínda que os problemas que as aflixen como clase poden ser resoltos no marco deste sistema, por unha vía reformista. O recente desaloxo do Partido Popular do goberno do Estado ten reforzado esta ilusión de maneira considerable. É necesario que a labor sindical de combate por reformas vaia acompañada dunha labor ideolóxica que destrúa estas falsas ilusións. A clase obreira debe aprender que a súa única salvación posible consiste en rachar co sistema capitalista, mediante a toma revolucionaria do poder político.

Para abordar ambos desafíos, a folga xeral é un paso necesario e crucial. A través de todo o traballo organizativo, reivindicativo e ideolóxico que implica preparar unha folga xeral, será posible relanzar unha ofensiva polos salarios e dereitos perdidos, e inocularemos un primeiro xerme de desconfianza cara o goberno e o Estado burgués.

Desde Isca! consideramos que na Galiza de hoxe existen condicións obxectivas para unha mobilización destas características, e pulamos porque a CIG retome o camiño iniciado o pasado 19 de xuño. ●





## A 200 anos do seu nacemento, Marx e o papel da clase obreira galega

Neste ano 2018 é o bicentenario do nacemento de Marx, teórico revolucionario e pai do socialismo científico. A súa obra é constatemente atacada, demonizada, deformada e banalizada polos lacaios do capital, porén continúa a ter plena vixencia na actualidade. Aínda que algúns digan o contrario, a loita de clases segue presente, aínda que están a gañala os capitalistas. Así, aínda que algúns posmodernos anuncian que a clase traballadora vai camiño da súa desaparición, esta é cada vez máis numerosa, pois a burguesía segue a precisar a explotación do traballo humano para aumentar os seus beneficios. Sen embargo, para manter e reforzar a súa hexemonía, o capital recorre a negar e agochar a dominación de clase. Para iso conta con múltiples mecanismos. Por exemplo, o Estado burgués preséntase coma representante de toda a “cidadanía” (cando está deseñado para defender a hexemonía da minoría capitalista) e a “liberdade de prensa” é simplemente a liberdade dos explotadores para falsear a opinión pública e impoñer a ideoloxía dominante.

En termos políticos e sociais, se cadra o aspecto diferencial da obra de Marx e o marxismo en xeral, non é a crítica da explotación capitalista (partillada con outras correntes de “esquerda”) senón a saída revolucionaria proposta, froito da análise concreta da realidade concreta. Así, mentres o socialismo utópico apela á moralidade dos explotadores, o anarquismo acredita na desaparición do Estado após a revolución, renunciando así á hexemonía da clase obreira sobre unha burguesía que non desaparece tras perder o poder (persistindo a loita de clases e a necesidade dunha estrutura que garanta dita hexemonía) e os reformistas acreditan nunha imposíbel vía para a emancipación dos explotados, a través da xestión das institucións burguesas. Son tres exemplos de posicións políticas que poden chegar a ser críticas co capitalismo, porén carecen de alternativa para superalo e erguer unha nova sociedade radicalmente diferente. Só o marxismo asume plenamente o antagonismo de clase existente entre opresores e oprimidos, entre explotadores e explotados, defendendo a ditadura revolucionaria do proletariado como alternativa estratéxica. Isto é, o exercicio do poder político pola clase obreira, dominando á burguesía e camiñando face unha nova sociedade sen clases, na que si sería posíbel abolir o Estado.

Para poder camiñar face a ditadura do proletariado é unha condición fundamental que a clase obreira exerza como suxeito político, isto é, que pase de ser “*unha clase por si*” a ser “*unha clase para si*”, garantindo a súa independencia política e ideolóxica a través da vangarda revolucionaria. A toma de consciencia de clase polas masas traballadoras, é dicir, que asuman o papel histórico que lles corresponde como clase superando a alienación burguesa, é fundamental para que a clase obreira exerza como “*clase para si*”.

Esta xenial obra de Marx é reforzada e complementada posteriormente por Lenin e outros revolucionarios (a través da análise concreta da realidade concreta) que

completan a obra marxista, nun novo contexto no que emerxe o imperialismo como fase superior do capitalismo, coa formación dos monopolios. Nesta etapa, os revolucionarios asumen que a contradición entre imperialismo e pobos asoballados é unha das principais manifestacións da loita de clases no mundo. Isto é aplicábel ao contexto galego, nación dominada polo Estado español e a Unión Europea, estruturas imperialistas responsábeis do espolio e a aniquilación do noso país e a súa base produtiva. No noso país a loita nacional e a loita de clases son indisociábeis.

Todo isto que acabamos de relatar poden parecer xeneralidades ou un vulgar teoricismo á marxe da práctica, sen embargo, a realidade é ben diferente. Se reivindicamos Marx hoxe non é por unha cuestión de folclore, o marxismo é un guía para a acción. Aplicalo creativamente á realidade do noso país é a chave para avanzar face os obxectivos estratéxicos. Estamos nun momento de agudización da conflitividade social e laboral na Galiza, coa greve xeral nacional cada vez máis preto. Tradicionalmente, Galiza adoita estar á vangarda dos conflitos laborais no conxunto do Estado español (o que desmonta o tópico dun pobo galego durmido) pola existencia dun digno e potente sindicalismo nacional e de clase, representado pola CIG. Sen dúbida, as loitas económicas son fundamentais para defender os intereses inmediatos dos traballadores, porén, estas por si mesmas non son suficientes para crear consciencia política nas masas. O traballo das organizacións políticas nacionais e de clase, debe ser ligar o inmediato e o estratéxico, mais no noso país esas ferramentas aínda están por perfeccionar.

Todas as tendencias oportunistas, dominantes na “esquerda” nacional (aínda que a meirande parte delas, non son exclusivas do noso país) son froito da hexemonía pequeno-burguesa sobre estes movementos políticos que teóricamente debían ser emancipadores. O reformismo, o autonomismo, o interclasismo, o sucursalismo españolista ou o posmodernismo, son síntomas do papel subordinado que ocupa actualmente a clase obreira no nacionalismo e a esquerda no noso país. Cómpre lembrar que a experiencia amosa que a pequena burguesía é incapaz de liderar un proceso de confrontación contra o Estado opresor, condición fundamental para acadar a independencia nacional, pola súa tendencia á conciliación nacional e de clase. Só a clase obreira pode chegar até o final na loita nacional-popular, xa que os seus intereses entran en oposición frontal co grande capital e o seu Estado imperialista, aliás, a hexemonía obreira sobre o proceso de liberación da Galiza tamén garante que este vaia dirixido face o socialismo.

A auténtica unidade popular no noso país non é a unión eleitoral co reformismo españolista para xestionar as institucións coloniais e burguesas, senón a alianza de clases populares, baixo a dirección da clase obreira, para acadar a liberación nacional de clase, a través dunha República galega independente ao servizo do pobo traballador. ●



## A ruptura da unidade xuvenil

Este ano ten lugar a sexta edición da xa tradicional marcha xuvenil pola independencia, que gañou por dereito propio contar cun espazo destacado na celebración do Día da Patria, na reivindicación popular da ruptura independentista, da loita pola superación do modelo de produción capitalista e na construción doutra realidade onde as mulleres non sexan aplastadas polo sistema patriarcal.

A mocidade colocou nesta data en primeira liña de reivindicación moitas das problemáticas que nos afectan no día a día, denunciando así o agravamento da ofensiva do capital na última década co aumento da precarización do noso emprego, a emigración xuvenil (un éxodo planificado e non casual, non unha maldición endémica ao noso pobo) ou o desemprego xeralizado. Tamén a imposibilidade de acceso a unha vivenda digna, as extremas dificultades de vivir no rural, as diferentes reformas educativas que elitizan e mercantilizan o ensino ou a ofensiva dos espazos reaccionarios contra os dereitos das mulleres.

A nosa aposta foi desde o inicio a creación de espazos amplos de entendemento, de traballo mancomunado e de loita unitaria dentro do movemento xuvenil soberanista e de esquerdas, atendendo á pluralidade e diversidade de organizacións e liñas tácticas que existían (e seguen a existir) no independentismo galego. Colocando a reivindicación central da construción da República Galega como ferramenta precisa, como elemento necesario e como punto de partida do camiño para alcanzar o noso horizonte estratéxico, mais tamén para dar resposta inmediata e urxente a todos os problemas da mocidade. Buscar os puntos mínimos de encontro e a súa aceptación, viabilizou sumar a esta convocatoria a todos aqueles axentes que os aceptasen, fuxindo de dinámicas negativas de competición e seitarismo.

Así, a celebración desta data, para nós histórica, supuxo inicialmente un importante punto de inflexión, rachando con tabús e demostrando a vontade de estar á altura do momento, deixando de lado (ou así o entendiamos) oportunismos e partidismos. Isto, combinado coa soberanía lexítima dos proxectos políticos de cada quen, a súa particular liña táctica e/ou estratéxica e as diferentes particularidades de cada momento deu como resultado cinco anos de dinámicas unitarias e creación de poder xuvenil.

Apelarmos á unidade non o podemos considerar como un chamamento baleiro, nin ten relación con malabarismos electoralistas aos que tanto nos ten acostumadas a chamada nova política. É precisamente todo o contrario, é apostar pola folla de ruta independentista, con todo o seu potencial. Pola creación das alianzas entre quen, desde a esquerda, defende a transformación radical do sistema, a ruptura democrática do Reino de España e un proceso constituínte de noso.



O espazo xuvenil de traballo común e desde a base que axudamos a construír estes anos non estivo exento de momentos menos bos, de fracasos parciais, de obxectivos incumplidos ou de certa tensión ao entender que non todas as presentes apostaban de xeito sincero por reforzar estas dinámicas. Problemas sobre os que debemos reflexionar e analízalos desde una óptica crítica e autocrítica.

Dunha inicial benvida a este escenario de unidade que presentabamos hai seis anos, onde todo estaba por explorar e cando analizabamos, baixo o noso criterio, que o éxito do espazo pasaría pola capacidade de combinar as formulacións concretas de cada organización, a firmeza nos principios e a atención a toda a base social activista sen militancia política formal; pasamos a un escenario actual onde os cálculos e obxectivos particulares complícan e poñen en cuestión a propia viabilidade deste espazo.

Por primeira vez só dúas das organizacións xuvenís que impulsaron isto hai 6 anos (Isca! e Briga) apostan por manter e seguir a tecer conxuntamente. Baixo a nosa perspectiva é unha mala nova, que racha todos os avances que vimos analizando, que pon en cuestión as sinerxias creadas, que bota por terra certos vínculos de traballo conxunto e que resposta a intereses distintos aos do avance do movemento xuvenil galego. Para mostra a convocatoria dunha outra mobilización coincidente no tempo coa xa tradicional da mocidade independentista.

Desde Isca! imos seguir apostando por recuperar unha convocatoria xuvenil verdadeiramente unitaria onde se podan recuperar progresivamente todos os obxectivos que nos marcamos hai anos. Como afirmabamos hai seis anos, por nós non ha quedar. ●

# Entrevista con Diego Quintela.

*Neste número entrevistamos a Diego Quintela Sesar, jovem ativista LGBTI e membro de Avante LGBT.*

## Como vês o movimento LGTB atual?

Absorvido totalmente polo capitalismo, o imperialismo e o cisheteropatriarcado. Quando Sylvia Rivera, Marsha P. Johnson e o resto das suas compañeiras das Revoltas de Stonewall Inn fôrom contra a policía no 1969, o movimento LGTB era um movimento dissidente, com pouco poder social. Passámos desse primeiro movimento reivindicativo que ia contra o poder estabelecido a um movimento global apoiado polo poder e que o capitalismo usa para ocultar a verdadeira luta. O que passou foi que quando o movimento começou a ter umha certa repercussom social, o sistema converteu-no numha festa e fixo trunfar a mensagem de que quem esteja contra essa festa é LGTB-fóbico. Temos que reivindicar o movimento LGTB como umha luta para conquistar os direitos que esse sistema nos roubou.

## Que dificuldades pode ter o movimento no nosso país?

Para começar temos que ter em conta onde estamos. Galiza é um país que está numha esquina da Península Ibérica, na periferia da Europa, co qual estamos esquecidas já só pola situaçom geográfica. Aparte da geografia, a cultura galega está minorizada e colonizada polo Estado Espanhol, e também, mui importante pra este tema, polo globalismo ocidental. O que causou o nosso status histórico de colônia foi um sentimento de inferioridade que fai que as galegas LGTB nom concebam ser sexo-diversas mantendo a sua cultura própria. O capitalismo e o imperialismo figêrom que sermos LGTB falando galego e defendendo a nossa cultura chegara a nos dar vergonha, havendo muitas pessoas LGTB no nosso país que cambiam de língua e se deixam colonizar.

## Baixo a tua perspectiva, há mais LGTB-fóbia na Galiza rural ou no entorno urbano?

Há o falso mito de que no rural estamos mais discriminadas que nas cidades, e nom é exatamente assim. Temos que ter presente que Galiza é um país essencialmente rural, e gente LGTB houvo sempre, e LGTB-fóbia também houvo sempre, e que as galegas sexo-diversas do rural estiverom ocultas durante anos nom o vou negar. O problema vem no relato que nos vendeu o sistema, o relato dos entornos urbanos como paraísos LGTB. Mas nas cidades há umha violência cisheteropatriarcal bestial nas ruas, agresssons constantes em espaços públicos, em câmbio, no rural a

violência nom é tam explícita. No rural há umha ocultaçom da realidade LGTB, mas se nas aldeias aparecem pessoas LGTB empoderadas, seguras de si mesmas e dispostas a lhe fazer frente a essa ocultaçom, as vizinhas nom vam ir contra elas, dado que nas comunidades pequenas o respeito polo diferente é maior, ao contrário que nas cidades. Temos um exemplo disto na comarca da Ulhoa co trabalho feito polo Colectivo Agrocuir da Ulloa.

## Como crês que se pode remediar a situaçom do nosso país com respeito ao coletivo LGTB?

Desbotando todo esse sistema LGTB global que criou o capitalismo e o imperialismo, o que se deu em chamar pinkwashing. Para fazer isto nom podemos contar com o sistema, há-lhe que fazer frente mediante o associacionismo LGTB, organizando-nos e lutar polos nossos direitos para conseguir umha normalizaçom social e umha legalidade que nos respeite. Nom podemos esquecer que essa legalidade nom a imos conseguir lambendo-lhe o cu ao poder, temos que conseguir que o poder ceda ante a pressom social. Esta pressom social temos que fazê-la desde a nossa terra e no nosso idioma, sem esquecer a nossa identidade, porque senom estaremos a ser exatamente o mesmo movimento que Madrid ou San Francisco.

## Intuo que lhe dá muita importância à transversalidade das loitas, algo que reclamamos muito em isca!, que importância tem essa transversalidade na loita LGTB?

Há muita gente do coletivo que nom tem nem um mínimo de consciência sobre a importância de sermos transversais, é umha questom de nos decatar de que há um modelo de pessoa LGTB que nos está a oprimir inconscientemente porque está demasiado assentado na nossa sociedade, e decatar-nos de que este modelo foi criado polo capitalismo, o imperialismo e o cisheteropatriarcado, polo qual nom podemos lutar só contra o cisheteropatriarcado, senom que também devemos lutar conjuntamente com o anti-capitalismo e o anti-imperialismo. Qualquer organizaçom LGTB que nom seja consciente disto e promova o modelo imperante estará indo contra o próprio coletivo.

## Qual é a situaçom do associacionismo LGTB galego?

Na Galiza há várias associaçoms LGTB que levam anos lutando polo coletivo na nossa terra. Nos últimos anos decatou a associaçom Nós Mesmas de Vigo, que cumpriu 10 anos no 2018, 10 anos de trabalho contra o cisheteropatriarcado capitalista imperialista tanto a nível local como nacional. Também quero ressaltar o trabalho de Amizando coas pessoas trans, o trabalho de Arelas cos menores trans. E ademais no rural, devemos lembrar a importância que colheu o Colectivo Agrocuir da Ulloa. O grande problema atual baixo o meu ponto de vista é que o associacionismo LGTB na Galiza é mui local, nom existe umha rede a nível nacional, ainda que houvera intentos num passado. Há pouco nasceu Avante LGTB, umha associaçom que pretende estender-se por todo o território galego, algo que promete remediar o problema que mencionei. ●





## As moças e a militância partidária

Para umha moça jovem, militar numha organizaçom política é um esforço grande, maior do que é militar para um moço, partindo de que que o sistema procura a nossa disgregaçom e isolamento. Cada dia nas nossas vidas é umha briga contínua com a realidade: nos nossos estudos ocultam-nos da História, nos nossos centros de trabalho pagam-nos menos que aos companheiros, nas nossas casas temos conta de todo mas nom voz quando a família se junta, nos nossos corpos decidem instituïçons. Às vezes, os espaços políticos convertem-se em refúgio para algumas de nós porque ademais de ver as nossas inqUEDANÇAS reflectidas noutras jovens, topar com companheiras que sofrem o mesmo permite-nos artelhar a resposta conjunta -porque juntas somos mais fortes- desde o enfoque correcto -porque devemos conhecer quem e que nos oprime-.

Mas que fazemos quando o patriarcado e as violências aparecem ali onde semelhava que nom se iam coar nunca? Estamos acostumadas, e todas as vezes doem, a conhecer novas de sucessos terríveis contra mulheres em qualquer parte do globo, também nos nossos círculos. Para algumas convocamos manifestaçons e assistimos massivamente, e para outras preferimos seguir as nossas vidas. Isto vivemo-lo recentemente com dous casos mui mediatizados, mas nom é necessário pôr o telejornal para descobrir realidades perigosas. Nos últimos meses conhecemos um caso na capital, umha agressom dentro de umha organizaçom, e do testemunho de umha rapariga saïrom outros tantos. A resposta? Por umha banda, a autoorganizaçom das moças que sinalárom o agressor e dérom apoio à jovem; pola outra, feche de filas a nível estudantil, juvenil e adulto para proteger o agressor; intimidaçom verbal e física a quem contribuiu a destapar o episódio e montagens para situar a bola noutro campo. O agressor? Aparentemente apartado das suas funçons em política mas sem nengum outro tipo de puniçom, pois quem fai parte do seu contexto nom moveu um dedo por condenar a agressom, reforçando o seu convencimento de que “nom cometim nengum delito”. Este gesto, o priorizar a imagem de umha pessoa -homem- por riba da segurança de outras muitas -mulheres-, retira-nos a credibilidade e a legitimidade aos espaços de organizaçom das jovens, e é umha grande irresponsabilidade para com o movimento feminista do que fazemos todas parte. Das organizaçons autodenominadas feministas espera-

mos um juízo justo para com as agredidas, porque precisamente actuamos à margem da justiça patriarcal e pretendemos analisar as violências com os óculos lilás; mas é impossível ensaiar a utopia quando contamos com os agentes reaccionários da sociedade nas nossas filas.

Mas deste acontecimento podemos tirar aprendizagens. Por umha banda, esta é umha alerta para o resto de espaços, umha advertência de que imos ser implacáveis quando se trata da nossa segurança, porque vai estar sempre por riba de qualquer sigla. Mas também serviu para repararmos no poder que temos quando nos unimos, quando falamos de todo aquilo que fica excluído das ordens do dia, quando artelhamos as respostas à margem das organizaçons se nom nos convencem as suas resoluçons, quando difundimos a informaçom necessária para andarmos vigilantes. A sororidade é o verdadeiro refúgio, e o nosso compromisso deve ser fazer das organizaçons às que nom queremos renunciar como independentistas e comunistas espaços em que as relaçons sejam nom violentas e nom agressivas, espaços em que tratemos com normalidade as questons que nos afetam e os companheiros ponham da sua parte para compreender e facilitar a nossa intervençom política, que é mais custosa que para eles.

A conclusom é que os protocolos nom servem de nada se nom há um compromisso real por mudar as nossas aççons, e convertem-se nalgo estético quando umha organizaçom deve tê-lo, como um “mínimo” a cumprir, como se avançássemos algo unicamente com isso. As nossas análises, como revolucionárias, devem ser radicais, mas o realmente importante e transformador é que seja radical a nossa praxe. Ter agressores nas nossas filas é um problema, e os problemas há que solucioná-los, e deveríamos ser exemplares à hora de fazer isto. Devemos depurar os espaços políticos porque som nossos, porque a segurança é o primordial e porque há umhas regras, e só aceitaremos a quem as vaia assumir e quem vaia actuar coerentemente. Se os homens agridem companheiras em espaços militantes, como se supom que vam ser participes activos da criaçom do novo mundo, aquele sem violências e opressons? Quem nom toma a sério a luita das mulheres, e mesmo quem a emprega para lavar as mans, tem que ficar fora; nom imos permitir que lastredes o avanço imparável do feminismo. ●



Manifestaçom feminista na Galiza. Imaxe GzFoto.

# O novo proletariado agrícola

Moitas de nós sabemos que o rural galego continúa a perder habitantes, cada vez son máis as casas abandonadas e menos as explotacións gandeiras; pero curiosamente cada vez hai máis vacas.

Collendo como exemplo a cabana gandeira bovina (base da nosa economía rural) en 2008 había na Galiza 49.355 explotacións, só nove anos despois en 2017 o número era de 34.400 case un 70% menor en tan só nove anos. Namentres hoxe hai no País unhas 11 000 vacas máis ca en 2008, en total a poboación bovina galega supera hoxe en día os 960 000 animais segundo o Instituto Galego de Estatística.

Por outra banda, o número de explotacións bovinas de máis de duascenas cabezas en 2008 era de 159 mentres que no 2017 foi de 442, aproximadamente un 277% maior.

Todo isto pode exemplificar o contexto no que se atopa o Rural a día de hoxe: despoboamento, envellecemento da poboación e concentración das explotacións agrogandeiras en cada vez menos mans.

Así no País do minifundio, ano a ano pechan as pequenas explotacións (que o teñen máis difícil neste Sistema) esas terras quedan ermas ou son cedidas/alugadas as veciñas que continúan coa actividade agraria; moitas veces aquelas familias máis fortes economicamente polo que non se viron obrigadas a emigrar a cidade na procura de traballo. Tamén é importante a figura do inmigrante retornado que inviste no rural, creando ou aumentando a explotación gandeira familiar.

Aparece entón a figura dos macrogandeiros (falamos de mais de 80 vacas por familia), que teñen que ser vistos como empresariado e as labregas que traballan para eles, como o proletariado rural. Así algunhas pequenas gandeiras traballan pra outros máis grandes igual que se facía no pasado. Pero o déficit de man de obra e as malas condicións económicas fai que cheguen moitas inmigrantes ao rural: romanesas, portuguesas, marroquís, españolas, latinoamericanas son moitas as persoas que

chegan na procura de traballo.

Por desgraza, as condicións laborais son bastante malas; así mentres a Voz de Galicia fala da necesidade de muxidoras; a realidade é que moitas cobran uns 700 euros por xornadas de 12 horas diarias. Algúns casos máis graves como a rapaza que no 2017 foi ingresada na UCI tras ser cosida polo propio gandeiro-explotador que a tiña empregada (ao recibir unha couce) poden chegar a saír na prensa do sistema; e dánnos unha idea da realidade silenciada do proletariado rural.

É relevante que a industria alimentaria paga un prezo moi baixo polos produtos do agro, pero o estreito marxe de beneficio dos produtores non pode ser a escusa perpetua para a explotación laboral no rural.

Cal pode ser logo a solución?

A esquerda ten que loitar por frear a acumulación de riqueza en cada vez menos mans, debemos apostar tacticamente polo cooperativismo e impulsar proxectos comunitarios que fixen poboación no rural creando emprego de calidade.

O empresariado gandeiro, ten que ser visto como tal. asociacións como a Asociación Agraria Jóvenes Agricultores -ASAJA vinculada ao PP deben ser sinaladas e vistas como un problema contra o que loitar e nunca como parte da solución.

Non nos podemos esquecer das grandes empresas como Coren ou Clece, que fomentan a explotación laboral tanto nas granxas como na industria. Temos que fuxir destas empresas e tentar consumir conscientemente apostando polas pequenas produtoras e proxectos que valoricen a produción primaria dun xeito ético e sustentable.

Para rematar, é moi importante que a mocidade galega teña un papel activo na loita de clases no rural impulsando os convenios colectivos: muxidoras, operarias agrícolas, podólogas, veterinarias... son moitas as profesións que traballan sen un convenio colectivo que as regule e defenda do empresariado. ●



Tractorada en Chantada. Imaxe GzFoto.



# Precariedade: substantivo feminino

Cando falamos de precariedade, falar das mulleres traballadoras é imperativo, xa que nós non só sufrimos a opresión da patronal e do capitalismo, senón que a esta lle debemos sumar a opresión patriarcal. O capitalismo, desde o seu nacemento, nútrese das estruturas sociais establecidas polo patriarcado e obtén gran beneficio mantendo as mulleres na posición de submisas, encargadas da reprodución da man de obra e máis dos seus coidados, coidados que non se valorizan nin social nin economicamente.

Desde que as mulleres se incorporaron ao traballo asalariado (o “mercado laboral” capitalista), tamén se incorporou o concepto “fenda salarial”. Isto prodúcese pola existencia da figura do pater familias, o encargado de manter economicamente á familia, polo que o salario das mulleres entendíase -enténdese- como complementario; o que na práctica se traduce por “a igual traballo realizado, menor salario recibido”.

Se ben é certo que co comezo da crise no 2008 a fenda salarial acurtouse un pouco, isto debeuse a que a situación dos homes empeorou, non porque as mulleres traballadoras tiveran cada vez maior igualdade de condicións.



Neste período, a situación das rapazas traballadoras tornouse especialmente alarmante. Se atendemos aos datos proporcionados polo último informe da CIG sobre Mulleres e mercado laboral, veremos que o número de mulleres activas medrou desde o 2008, mais no caso das mulleres situadas entre os 16 e os 25 anos, hai arredor de 17.700 activas menos. A causa máis probable disto é a emigración vistas as escasas posibilidades de ter un futuro digno na nosa terra; porén, é difícil de calcular xa que nesta franxa de idade poucas persoas se inscriben xa como demandantes de emprego.

A pesar de que o número de rapazas activas caera, o número de ocupadas caeu tamén neste mesmo período.

Atopámonos nun momento no que accedemos a menos

empregos, no que aumenta a temporalidade e a parcialidade e no que os contratos cada vez duran menos. Cómpre sinalar que esta situación non é froito do acaso, nin que sexa unha cuestión de que “todo o mundo ten que apertar o cinto”. Dentro do mercado laboral hai sectores feminizados e sectores masculinizados. Dentro dos feminizados atopámonos con todas aquelas actividades relacionadas cos coidados e que gozan de menos recoñecemento: asistencia no fogar, limpeza, hostalaría, servizos persoais e de lecer etc.; e dentro dos sectores masculinizados atopámonos coas actividades mellor vistas e con máis prestixio: industria (calquera tipo), comercio e transporte, construción, pesca... etc.

Son eses traballos feminizados onde máis empeoraron as condicións e onde máis baixaron os salarios. Se nos cinguimos a datos numéricos, desde o 2009 o único tramo no que aumentou o número de asalariadas é no que se percibe menos do Salario Mínimo Interprofesional (o 20% das asalariadas galegas non chegan aos 1.800€/ano). Tamén aumentaron as xornadas parciais (21,8% das mulleres ocupadas fronte ao 6% dos homes ocupados) e as temporais (28,7% das mulleres ocupadas fronte ao 25,2% dos homes ocupados). De feito, cada muller con contrato temporal asinou unha media de 3,8 contratos ao ano. No 2017, o 35% dos contratos duraron menos dunha semana. E, para máis inri, houbo máis mulleres paradas no 2017 ca no 2008.

Mais isto non queda aí sen máis, se xuntamos todos estes maravillosos ingredientes xunto coa solicitação de permisos por maternidade e conciliación da vida persoal e familiar nun cóctel, obtemos a maior dificultade que temos as mulleres para acceder a prestacións sociais. A diferenza que hai entre homes e mulleres que obteñen algún tipo de prestación é do 10%, case nada!

Non podemos esquecernos tampouco das nosas xubilacións. Todas estas condicións que suxeitan e inciden na nosa vida laboral tamén influirán nas nosas pensións e a fenda aí será aínda máis pronunciada. No 2016, a fenda das pensións na Galiza situouse no 35,4%.

Con todos estes datos, máis co que temos que vivir día a día nos nosos postos de traballo, podemos observar como realmente se está a perpetuar a feminización da pobreza e como a precariedade ten cara de muller. Conseguimos o acceso á educación e ás ensinanzas superiores, pero seguimos tendo diferenzas salariais, condicións distintas tanto no privado coma no público, segue habendo sectores feminizados e sectores masculinizados e os coidados, que son o centro da vida, seguen recaendo só en nós e seguen sen valorizarse economicamente.

É por iso que as feministas de clase loitaremos, a curto prazo, pola mellora das condicións laborais actuais e, a longo prazo, por destruír os sectores feminizados e masculinizados e revertir a educación diferencial na que medramos para construír unha sociedade igualitaria real, onde non exista ningún tipo de opresión. ●

# Isca! recomenda:



Orillamar, 24. A Coruña.



Rúa Chao, 13 · Casco Vello · VIGO

A REPIHOCA



Música en "vivo" - Orillamar 15 - A Coruña



**Bar A Pulga**  
Teófilo Llorente, 59. Vigo.





# Galería de imaxes







A mocidade galega ten moitas razóns para plantar cara aos efectos dun capitalismo que destrúe as nosas vidas. É a hora de organizar a rebeldía en mobilización e loita, porque neste sistema ningún tipo de vida digna é posible. Porque non loitamos só por mellorar as condicións de vida; a reforma do sistema capitalista non rematará coas inxustizas polo que é imprescindible dotar estas loitas de contido ideolóxico, tendo o socialismo e o comunismo como horizonte estratéxico, nunha patria independente e soberana.

Fronte o individualismo e o apoliticismo que fomenta o sistema, chamamos a rebelarse e a dar a batalla. É posible construír outra sociedade, porque a historia demostrou que as grandes transformacións sociais viñeron da loita e da organización, sen medo ao compromiso.

[www.info@iscagz.org](http://www.info@iscagz.org)

[twitter.com/iscagz](https://twitter.com/iscagz)

[facebook.com/iscagz](https://facebook.com/iscagz)



**isca!**